Carpobrotus edulis

1. **Nome común e científico**
   Esta planta denomínase comunmente como unlla de gato, ainda que tamén é coñecida por herba do coitelo ou chorón das praias.
   O seu nome científico é *Carpobrotus edulis.*

2. **Características distintivas**
   É unha planta rastreira (que se move a rentes do chan) de orixe surafricana, que crece xeralmente en zonas de litoral, tanto en dunas como en acantilados. En Galicia localízase nas Rías Baixas e na Costa Ártabra (Ferrol, Narón, Ortigueira...), fundamentalmente.
   En canto á súa descrición, podemos destacar as seguintes características:
   - É unha planta herbácea perenne, o cal indica que non presenta órganos leñosos.
   - Posúe talos, de ata dous metros, moi ramificados e enraizantes.
   - As follas teñen unha forma triangular, alongada e curvada, sendo éstas as que lle dan o nome de "unlla de gato" debido a súa similitude co suxeito nomeado. Ademais teñen un aspecto ceroso e a súa cor definitoria é o verde, ainda que en zonas de alta salinidade pódense volver abrancazadas na superficie.
   - As flores, de diámetro aproximado 6-8 cm, son de cor amarela ou púrpura rosácea e os petalos destas están dispostos de forma que haxa pouco espazo entre eles. Posúen un ovario con 10 estigmas (área receptiva do pistilo das flores) e numerosos estames amarelos (órganos florais masculinos portadores dos sacos polínicos que orixinan os grans de pole). Florecen na transición da primavera ao verán.
   - O seu froito é carnoso, con numerosas sementes.

Debido ás súas similitudes coa especie *C. chilensis*, é difícil diferencialas, mais as follas desta última son máis pequenas. A continuación, amósase unha imaxe de cada unha delas.

C. chilensis C. edulis

3. Orixe e forma de chegada a Galicia

É orixinaria de Suráfrica, máis en concreto da rexión do Cabo. Foi introducida en numerosos países tales como Australia ou EEUU, para inmovilizar as dunas das zonas costeiras (debido a súa gran capacidade para formar extensas matas). Mais crese que chegou a España (e polo tanto a Galicia) con fins ornamentais, xa que, grazas á vistosidade das dúas flores, pódese observar en gran número de xardíns, sendo tamén utilizada noutros para fixar noiros, que son superficies de terreo moi inclinadas, localizadas á beira dun camiño.

4. Danos que ocasiona

Debido aos seus mecanismos de reprodución (asexual), á capacidade de rebrote incluso despois de ser cortada, e á gran amplitude de tolerancia a cambios no seu ecosistema (sendo, deste xeito, unha especie eurioica para esa variable), o que permite que sobreviva en condicións extremas de salinidade, como os bordos costeiros (especie halófila), a Carpobrotus edulis converteuse nunha especia invasora, provocando numerosos danos, tales como:

- A alteración da abundancia de especies autóctonas. Esta planta posúe unas flores moi chamativas e cargadas de néctar, o que produce a atracción dos polinizadores, diminuíndo, en consecuencia, a eficacia das plantas locais.
- A variación da concentración de sales, e polo tanto do pH, do solo, producindo o esgotamento deste.

5. Formas de solucionar o problema

Existen gran cantidade de medidas que se poden tomar para solucionar o problema desta invasión. Algunas a ter en conta serían:

- Arrancar directamente a planta. Esta medida non é de todo eficaz debido a que sería necesario extraer toda o vexetal, sen que quede resto ningún, pois, no caso contrario, a unlla de gato volvería a nacer.
- Aplicar tratamentos con glifosato (herbicida que mata calquer tipo de planta) do 2%. Isto sería óptimo realízalo en inverno, época na que as especies nativas se atopan en repouso. Deste xeito, a herba do coitelo tarda entre dous e tres meses en morrer, e as autóctonas non se ven afectadas.
- Ainda que non está científicamente probado e non existe ningún axente biolóxico que se comercialice para a dita eliminación ou control, crese que é posible que especies como *Pulvinariella mesembryanthemi* ou *Pulvinaria delottoi* teñan certos impactos sobre as poboacións de Carpobrotus. (http://hilgardia.ucanr.edu/Abstract/?a=hilg.v53n02p027)

Con todo isto, moitas destas medidas non son levadas adiante debido á falta de presuposto e iniciativa dalgunha entidade. Porén, por outra parte, existen, en Galicia proxectos que investigan esta especie e algún dos métodos para frear a súa invasión.

A continuación, adxúntanse algunas das novas da situación do Carpobrotus edulis en Galicia:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2008/05/28/una-gato-especie-invasora-afecta-12000-metros-cuadrados-caion-nariga/0003_6856632.htm

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2014/10/05/gato-rasga-patrimonio-vegetal/1106403.html

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/arousa/o-grove/2018/02/10/xunta-erradica-una-gato-hierba-pampa-zonas-protegidas/0003_201802A10C5991.htm

6. Webgrafía

https://cienciaybiologia.com/carpobrotus-edulis/

http://herbarivirtual.uib.es/cas-uv/especie/5152.html

https://gl.wikipedia.org/wiki/Herba_do_coitelo

Laura Rey 2º Bach A